

VEN A DESFRUTAR DA FESTA DA VENDIMA DO SAVIÑO!

Os días **2 e 3 de setembro**, O Saviño acollerá a 2ª Edición da "**Festa da Vendima do Saviño 2023**", unha proposta fresca e diferente cun amplo programa de actividades que xiran en torno ós **labores típicos da vendima, o viño, a gastronomía e o folclore**.

Un espectáculo que se celebra nun entorno natural como é o da **Devesa no corazón do pobo de Escairón**, que ofrece ao visitante a posibilidade de disfrutar dos **viños das ribeiras do Miño**, da súa **gastronomía**, da súa **artesanía** e das súas **tradicións**.

UNHA FESTA PARA OS SENTIDOS!

A "**Festa da Vendima do Saviño 2023**" é un evento dirixido a público de todas as idades, onde descubrir e sentir a Ribeira Sacra a traves da súa paisaxe, gastronomía, tradición e artesanía local, con oficios centenarios como o de cesteiro, en perigo de extinción.

A **BacoRuta** achegaranos a estes viñedos a beiras do río Miño situados en fortes pendentes onde se cultivan as nosas uvas. Unha experiencia única para sentir o vertixe da nosa "viticultura heroica"

Ó longo da xornada, a Devesa acollerá actuacións musicais os días 2 e 3 de setembro. Excelente escenario para amosar o talento de agrupacións musicais con propostas que van dende a música galega ata a música de vangarda.

Os días 2 e 3 de setembro os viños da D.O. Ribeira Sacra, a gastronomía, a artesanía e o folclore, serán os auténticos protagonistas unindo tradición e historia e no que o visitante vivirá unha experiencia inesquecible.

UN EVENTO DIFERENTE E DIVERTIDO PARA TODO A FAMILIA

PARTICIPANTES

ADEGAS

Adegas Moure
Pilares de Belesar
S.A.T. Virxe Dos Remedios
Galanteiro

ARTESANÍA

Coiro e metal
Artesanía en madeira
Xoiería
Cerámica de Gundivós
Atrapasoños
Navallas e coitelos

GASTRONOMÍA

Embutidos
Queixos
Doces, galletas, obleas...
Empanadas
Pan artesán
Mel
Tapas
Food Trucks



FESTA DA VENDIMA DO SAVIÑO

2023

2 E 3 SETEMBRO

A DEVESA, ESCAIRÓN
O SAVIÑO (LUGO)

ORGANIZA



CONCELLO
DO
SAVIÑO

COLABORA

XUNTA
DE GALICIA



AO LONGO DA KORNADA...

ACTUACIÓN MUSICAIS NA DEVESE DE ESCAIRÓN


SÁBADO 2 DE SETEMBRO

BMT SUEVIA

Banda de Música que, dende A Barbanza, mantén viva a música tradicional galega.

ROCÍO CAAMAÑO

Cantante e compositora galega. A voz única de Rocío, o seu piano e os seus músicos, farán que se produza a maxia xunto o público.



HEVIA

A punto de cumprirse 25 anos da edición do mítico "Tierra de Nadie", Hevia, o gaitero asturiano que revolucionou o folk coa gaita electrónica e vendeu máis de 2,5 millóns de discos en todo o mundo, interpreta en concerto, acompañado da súa banda habitual, ostemas que o fixeron popular e que xa forman parte do repertorio folk internacional.



GIN TONI'S

Gin Toni's é unha banda divertida e apaixonada que cada noite consegue unha marabillosa conexión co público dos seus concertos, Cun directo fresco, un repertorio repleto de coñecidísimas cancións, e unha elegante posta en escena,



transportarannos a décadas Douradas da música española, facendo o mellor tributo ó Pop Rock do noso país.

DOMINGO 3 DE SETEMBRO

GRUPO DE GAITAS OS TARABELOS DO Saviñao

Formado por 18 gaiteros e percusionistas de ambos sexos, levan anos facendo florecer a música popular galega.

SARA MÉNDEZ E ALDARA PÉREZ

Sara Méndez e Aldara Pérez unen as súas raíces soberiinas para mesturar tradición e modernidade musical co sasofón e o piano.

CHARANGA LOUBAND

É un grupo polivalente que se atreve con todo tipo de repertorio. Entre os cales podemos atopar: indie, ska, boleros, música dos 80, 90 e temas de actualidade. Saltando, cantando, bailando e rindo conseguen transmitir toda a súa enerxía ó público.



GRUPO AMÉRICA DE VIGO

É un grupo galego que leva 47 anos interpretando música en directo. Clásicos do Rock, Pop, Metal, Heavy...un grupo espectacular que fai vibrar ó público con cada tema que interpreta.



PARA OS MÁIS CATIVOS... OBRADOIROS INFANTÍS

SÁBADO 2 DE SETEMBRO

17:30 a 19:30 - Obradoiro *Animación Dirixida*: xogos a rabiar para desfogar, festexar, disfrutar, rir e facer novas amizades! Paracaídas, relevos, pelotas, circuítos de obstáculos...xogos para tódolos gustos e idades.

DOMINGO 3 DE SETEMBRO

17:00 a 20:00 - Obradoiro de xogos e xoguetes tradicionais. Haberá distintos postos con un total de 20 *xogos populares* e polos que os participantes poderán ir pasando de xeito libre.

PARA TODA A FAMILIA... OBRADOIROS DE ARTESANÍA DE GALICIA

SÁBADO 2 DE SETEMBRO e DOMINGO 3 DE SETEMBRO

11:00 a 14:00 - 17:00 a 20:00 -Obradoiro de torno oleiro. *Impartido por Carlos San Claudio Cerámica e Nerea Carpenle.*

ARTESANÍA DE GALICIA



PARA COÑECER O SAVIÑAO BACORUTA

SÁBADO 2 DE SETEMBRO- BACORUTA "VENDIMA, HISTORIA E O RIO MIÑO"

Ás 10:00 sairemos de Escairón para visitar o Ecomuseo de Arxeriz onde nos espera unhas visita pola historia do Concello do Saviñao. Dende aquí, partiremos hacia adega Abadía da Cova, para visitar a adega e facer unha cata onde comparten protagonismo o viño, os viñedos e o mirador do Cabo do Mundo. A continuación pasaremos polo pobo de Belesar onde poderemos disfrutar da fermosa paisaxe do río Miño e remataremos a Bacoruta coa visita á igrexa románica San Estevo de Ribas de Miño.

Previa reserva no teléfono 669 65 26 07 / 982 45 20 61 ou no enderezo electrónico concelleriadecultura@concellodosavinao.net
A BacoRuta parte da praza do Concello en Escairón, O Saviñao.

MUSEO AO AIRE LIBRE... ECOMUSEO ARXERIZ

O Ecomuseo Arxeriz trasladará os días 2 e 3 de setembro unha parte dos seus fondos á Devesa de Escairón. Pezas únicas que explican o pasado e o presente da viticultura nas beiras do Miño e en conxunto da Ribeira Sacra.

EXHIBICIÓN DE EUGENIO LINARES

DOMINGO 3 DE SETEMBRO

Durante toda a xornada poderemos disfrutar na Devesa de Escairón dunha exhibición en directo de talla en madeira con motoserra.

PROGRAMA

SÁBADO 2 DE SETEMBRO

10:00 - BacoRuta "Vendima, historia e o río Miño"
11:00 - Apertura da Festa da Vendima
11:30 - Actuación do BMT Suevia
12:00 - Inauguración da "II Festa da Vendima do Saviñao 2023"
12:30 - Obradoiro de Cata de Uvas e Viño
14:00 - Obradoiro de cociña en vivo de Ternera Gallega Suprema
15:30 - Actuación BMT Suevia
17:30 - Obradoiro de animación dirixida" xogos a rabiar!
A partir das 19:30 - Actuacións musicais.

Rocío Caamaño - Hevia - Gin Toni's

01:00 Peche de stands
(Obradoiros de Artesanía de Galicia durante toda a xornada)

DOMINGO 3 DE SETEMBRO

11:00 - Apertura de stands
11:30 - Actuación do Grupo de gaitas Os Tarabelos do Saviñao
12:00 - Presentación actos e pregón
12:15 - Actuación de Sara Méndez e Aldara Pérez
12:30 - Bendición das uvas e dos campos e pisa oficial
13:00 - Nomeamento de "Damas e Cabaleiros da Orde da Mencía"
17:00 - Obradoiro de xogos e xoguetes tradicionais
A partir das 17:30 - Actuacións musicais.

Charanga Louband - Grupo América de Vigo

00:00 Peche de stands
(Obradoiros de Artesanía de Galicia durante toda a xornada)

OBRADOIRO DE CATA DE UVAS E VIÑOS SÁBADO 2 NO STAND MULTIUSOS

12:30 a 14:00 - Obradoiro de cata de uvas e viños*
Vinosacra Almacén

OBRADOIRO DE COCIÑA EN VIVO SÁBADO 2 O CARÓN DO STAND MULTIUSOS

14:00 a 15:00 Obradoiro de cociña en vivo da IXP Ternera Gallega *
Cociñeiro: **Santi Almuiña** do restaurante Colón (Lugo)
*Aforo limitado a 30 persoas en cada obradoiro

Previa reserva no teléfono 669 65 26 07 / 982 45 20 61 ou no enderezo electrónico concelleriadecultura@concellodosavinao.net